

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO MEDIANTE CONCURSO- OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TRABALLADOR/A SOCIAL DE REFORZO DURANTE OS MESES DE VERÁN.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é convocar un proceso de selección por concurso-oposición para a contratación de **1 TRABALLADOR/A SOCIAL** para o reforzo dos servizos sociais da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín. durante os meses de verán do ano 2016. (A duración do contrato será de **TRES MESES**)

2. O contrato laboral que se subscribirá será o de obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1.a) do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

3. As funcións serán ás propias do posto do traballador/a social :

- Informar, asesorar e orientar ós individuos, grupos e á comunidade en xeral sobre os dereitos, obrigas e recursos existentes en materia de servizos sociais, así como sobre os procedementos para o seu exercicio e, se é o caso, a intermediación necesaria para que sexan efectivos.
- A análise da realidade para a detección das necesidades e carencias sociais na zona de influencia do centro.
- Desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopen en situación de risco.
- A detección e a avaliación das problemáticas, e o establecemento das solucións de acordo cos recursos sociais existentes ou, se é o caso, a súa derivación ós servizos sociais especializados.

- A coordinación de todas e todos os profesionais do equipo do centro e coas responsables técnicas e técnicos dos servizos sociais da Mancomunidade, servindo de canle de transmisión da información necesaria para o cumprimento dos obxectivos dos diferentes programas, así como das posibles dificultades encontradas en cada un deles, facilitando a información necesaria para novas programacións, avaliacións etc.
- Traballar para conseguir os obxectivos que establece o decreto que regula os servizos sociais de atención primaria.
- Desenvolver os programas propios dos servizos sociais de atención primaria (información, orientación e asesoramento, programa de axuda no fogar, programas de inserción social etc.).
- Calquera outra propia do seu grupo profesional que se lle encomende relacionada cos servizos sociais mancomunados.

4. Sistema de selección: concurso-oposición.

SEGUNDA. Prazas que se convocan.

As prazas obxecto desta convocatoria son as seguintes:

-1 TRABALLADOR/A SOCIAL:

- Contrato laboral: obra ou servizo determinado.
- Xornada laboral: 8 horas.
- Duración: 3 meses.
- Retribución: As da categoría do posto na Mancomunidade.

TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso-oposición deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- f) Estar en posesión, ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de solicitudes, do título de **diplomatura universitaria en traballo social, ou do título de grao en traballo social**, que deberá ser acreditado mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

CUARTA.- Criterios de selección, puntuación e xustificación.

Os méritos que se valorarán, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:

A FASE DE CONCURSO (de 0 a 8 puntos) constará dos seguintes apartados:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **5 puntos**.

Por servizos remunerados prestados na administración pública (máximo 3,50 puntos).

- Relacionados directamente coas tarefas de traballador/a social: 0,15 puntos/mes.

Por servizos prestados en empresas privadas (máximo 1,50 puntos):

- Relacionados directamente coas tarefas de traballador/a social: 0,10 puntos/mes.

A experiencia profesional acreditarase **EXCLUSIVAMENTE** mediante a presentación **CONXUNTA** de certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2. Formación: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **2 puntos:**

Por cada curso directamente relacionado coas función propias do emprego a que se opta avalados por un organismo público:

Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso

Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso

Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso

Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso

Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso

Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos curso

3. Galego:

Celga 4. 1 Punto

Celga 3. 0,80

Celga 2. 0,60

FASE DE OPOSICION (de 0 a 12 puntos):

1. Exame teórico: máximo 8 puntos.

Realizarase unha proba teórica na que deberán de superar un exame durante 40 minutos, de 20 preguntas tipo test relativas as actividades da traballadora social. Cada pregunta correcta sumará 0,20 puntos. Cada resposta errónea restará 0,10 puntos.

2. Exame práctico: máximo 4 puntos.

Realizarase unha proba práctica na que deberán de superar un caso práctico mediante proba escrita directamente relacionado cas funcións definidas no artigo 1 destas bases.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As solicitudes para participar neste concurso presentaranse, conforme ao modelo que figura como **Anexo I** das bases, no prazo de **catro (4)** días naturais no Rexistro xeral da Mancomunidade, en horario de 9.00 a 14.00 h., ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax á Mancomunidade. Dito fax deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do Mancomunidade: 988 59 20 85). Se o día no que finalice o prazo de presentación de instancias fose sábado ou día inhábil, o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.

2. O referido prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Dito anuncio a as presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Mancomunidade así como na páxina web da Mancomunidade (www.mancoverin.es), achegándose a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b) Relación de méritos que alega e a documentación xustificativa de cada un deles, significándose que non se valorarán aqueles méritos que polo tribunal se consideren que non estiveran suficientemente acreditados. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade o remate do prazo de presentación de instancias.
- c) Declaración responsable de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).

3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4. Rematado o prazo, o presidente da Mancomunidad de Municipios da Comarca De Verín aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos así como a composición do tribunal de selección, que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web desta Mancomunidad (www.mancoverin.es) ao día seguinte do remate do prazo de presentación de instancias. Os candidatos terán un prazo de un día hábil para reclamacións e correccións de deficiencias (non para achegar novos méritos non alegados ate entón). As reclamacións, en todo caso, teñen que ser realizadas por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente. Deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes. Non caben reclamacións pola falla de documentación non achegada no seu momento.

Rematado o prazo de subsanación de erros dictarase resolución da lista definitiva de admitidos e excluídos. A mesma resolución do Presidente conterá o lugar, data e hora de reunión do tribunal de selección e a realización dos exames.

SEXTA. Tribunal de selección.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, e para os efectos de avaliar os méritos acreditados, constituirase un tribunal de selección que estará formado por tres (3) membros, integrado por un presidente, dous vogais e asistidos por un secretario que actuará con voz pero sen voto.
2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública. A súa composición será estritamente técnica e dous deles serán traballadores sociais.
3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.
4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.
5. O tribunal non poderá constituírse nin actuar válidamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.
6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SETIMA. Resolución da convocatoria e contratacións.

1. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de edictos e na páxina web da Mancomunidad o nome do candidato proposto para o nomeamento, pola orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.
2. De acordo coa relación, elevarase ó presidente, ademáis da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento do aspirante aprobado, procedendo o presidente ao nomeamento do aspirante seleccionado, efectúandose a formalización do correspondente contrato laboral.
3. En ningún caso o tribunal cualificador poderá proponer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.
4. Cos aspirantes que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade a finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.
5. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

OITAVA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Verín, 10 de xuño de 2016
O PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN
Asdo.: José Luis Suárez Martínez

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____

LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____

EXPÓN:

Que informado da convocatoria para a selección dun TRABALLADOR/A SOCIAL, considera reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a documentación precisa para isto; e polo que:

SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección para a praza de:

- Traballador/a social.

Verín ____ de ____ de 2016

Asdo. _____

AO PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DE VERÍN

ANEXO II: Modelo de declaración responsable

D./Dña.....,con DNI.....,e domicilio en....., declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación traballador/a social asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín,.....de.....de 2016.

(Asinado polo/a interesado/a)